



EXPEDIENTE: 2024/C009/000002. ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO DE TRES PARCELAS NA CONTORNA DO CAMPO DA FESTA DE FOXÁS.

Providencia de Alcaldía.

O segundo domingo de outubro celébrase na parroquia de Foxás a Festa do San Breixo; unha celebración relevante en Touro e contorna.

Entre os espazos que se usan para o desenvolvemento desta festa utilízanse as parcelas referencia catastral 15086A510010280000UO, 15086A510010290000UK, 15086A510010300000UM. Nelas instálanse atraccións da festa, actuacións da festa e tamén como aparcadoiro de vehículos dos asistentes.

É o terreo máis próximo ao campo da festa parroquial, e único que polas súas condicións de accesibilidade, topografía (chan) se axeita ás necesidades que require o desenvolvemento da festa.

O concello de Touro dispón así mesmo dunha parcela destinada a aparcadoiro (15086G518001370000JZ); as parcelas que se pretenden adquirir permitirían a conexión e continuidade de uso entre o Campo da Festa e o aparcamento propiedade do concello.

Tendo coñecemento da posta á venda do conxunto das tres parcelas con referencias catastrais 15086A510010280000UO, 15086A510010290000UK, 15086A510010300000UM é interese do concello a compra das mesmas para uso relacionado co campo da festa.



Área da Igrexa e Campo da Festa de Foxás.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196



Día do San Breixo (vista de Oeste a Leste)



Instalacións para actuacións o día de San Breixo



Actuacións no Día de San Breixo sobre as parcelas que se propón comprar. (Vista de Oeste a Leste).

Ao abeiro do anteriormente referido:

Solicito.

Que pola secretaría-intervención se emita informe sobre a procedencia da tramitación do expediente de adquisición a título oneroso de tres parcelas con referencias catastrais 15086A510010280000UO, 15086A510010290000UK e 15086A510010300000UM sitas como terreos máis próximos ao campo da festa parroquial de Foxás, e que polas súas condicións de accesibilidade e topografía (chan) se axeitan ás necesidades que require o desenvolvemento da festa.

Touro, na data da sinatura dixital
Roberto castro Rocamonde, Alcalde-Presidente